



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE NOVEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1674/2015.- LOURDES TOJO BOTANA.- Estimar a solicitude e modificar a descrición no linde leste da parcela cedida ao Concello de Santiago na escritura pública de data 12 de setembro de 2018.

LIC/1369/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R86.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor nun edificio existente na rúa Roma, 5-7.

LIC/1613/2019.- UTE OBRADOIRO.- Conceder licenza para restauración da escalinata e a cripta do obradoiro (e actuacións de remate no seu entorno) da catedral de Santiago de Compostela.

LIC/771/2016.- XOSÉ MANUEL PENAS PATIÑO.- Conceder a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago e Compostela do 28/09/2018 segundo a memoria xustificativa da necesidade de modificacións no proxecto de execución para rehabilitación de vivenda na rúa de Santa Clara e denegar parte das modificacións solicitadas.

LIC/465/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS VILA DE NOIA, 5.- Conceder licenza para executar obras de reforma de edificio para instalación de ascensor, rehabilitación de fachadas e cuberta no edificio situado na rúa de Noia, 5.

LIC/494/2008.- CONSTRUCCIONES RUA FER, S. A.- Conceder licenza para a construción dun edificio de 16 vivendas, 19 prazas de aparcamento e 16 trasteiros na mazá R2 do Polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

LIC/1565/2019.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para a conservación e posta en valor da capela do Cristo de Burgos na fachada ao patio de Xelmírez da catedral de Santiago de Compostela sita na Praza do Obradoiro.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a estimar a solicitude e modificar a descrición no linde leste da parcela cedida ao Concello de Santiago na escritura pública de data 12 de setembro de 2018. LIC/1674/2015. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a instalación dun ascensor nun edificio existente na rúa Roma, 5-7. LIC/1369/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para restauración da escalinata e a cripta do obradoiro (e actuacións de remate no seu entorno) da catedral de Santiago de Compostela. LIC/1613/2019. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión da modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago e Compostela do 28/09/2018 segundo a memoria xustificativa da necesidade de modificacións no proxecto de execución para rehabilitación de vivenda na rúa de Santa Clara e denegar parte das modificacións solicitadas. LIC/771/2016. Concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para executar obras de reforma de edificio para instalación de ascensor, rehabilitación de fachadas e cuberta no edificio situado na rúa de Noia, 5. LIC/465/2019. Concédese a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a construción dun edificio de 16 vivendas, 19 prazas de aparcamento e 16 trasteiros na manzana R2 do Polígono 2 do SUP-2 de Cornes. LIC/494/2008. Concédese a licenza.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á conción de licenza para a conservación e posta en valor da capela do Cristo de Burgos na fachada ao patio de Xelmírez da catedral de Santiago de Compostela sita na Praza do Obradoiro. LIC/1565/2019. Concédese a licenza.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización de venda de inmovible prezo taxado no M4.B2 do SUP-6 Santa Marta. (PTM/67/2019). Autorízase o alleamento da devandita vivenda.

10.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

11.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón da contía. Valídase un gasto menor de 4.560,02 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de centros socioculturais relativa ao aluguer de local para uso como centro sociocultural na zona da Améndoa Histórica. Apróbase a prórroga por nove meses (do 1 ao 30 de setembro de 2020) do local sito na rúa de Santa Cristina, 22, por importe de 953,82 €/mes.

13.- Prórroga contrato de aluguer de local Nº 3 na rúa Salvador Allende para oficinas municipais. Prorrógase o contrato de aluguer do devandito local polo prazo dun ano (2020), polo importe de 614,43 €/mes.

14.- Prórroga contrato de aluguer de local Nº 7 na rúa Salvador Allende para oficinas municipais. Prorrógase o contrato de aluguer do devandito local polo prazo dun ano (2020), polo importe de 710,04 €/mes.

15.- Prórroga contrato de aluguer de local Nº 8 na rúa Salvador Allende para oficinas municipais. Prorrógase o contrato de aluguer do devandito local polo prazo dun ano (2020), polo importe de 800,39 €/mes.

16.- Prórroga contrato de aluguer de local Nº 10 na rúa Salvador Allende para oficinas municipais. Prorrógase o contrato de aluguer do devandito local polo prazo dun ano (2020), polo importe de 804,30 €/mes.

17.- Aceptación de subvención da Xunta de Galicia para axudas ao investimento e do equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais 2019. Acórdase a aceptación da subvención, por importe de 12.117,36 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á prórroga do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela. Reservada a Centros especiais de emprego D.A.4ª da LCSP. Prorrógase o devandito contrato, coa empresa Coregal Parques e Xardíns, SL, por un novo e último período dun ano (do 21 de novembro de 2019 ao 20 de novembro de 2020), por un importe de 90.024 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do texto de convenio coa Universidade de Santiago- Programa Universitario de maiores IV ciclo. Apróbase o texto do convenio, polo que o Concello achegará á USC un total de 1.000 euros.

20.- Corrección de erro no asunto nº 20 da Xunta de Goberno do 4.11.19 relativo ao nomeamento da Comisión para o control da execución do contrato de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas. Corríxese o erro.

21.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa a dar conta da sinatura de diversos convenios. Dáse conta da sinatura dos convenios coa Federación Galega de Ciclismo, para o desenvolvemento do XIX Trofeo da Ascensión "Cidade de Santiago); coa Federación Galega de Fútbol para a celebración do Campionato de España de Seleccións Autonómicas Femininas Sub-15 e Sub-17; coa Escudería Santiago para o 27º Rally Botafumeiro; coa S.D. Compostela; co Club Atletismo Santiago; co Obradoiro Clubs de Amigos Baloncesto, SAD; e coa Federación Española de Loitas Olímpicas e D.A, para o desenvolvemento do Campionato de España Sénior de Loitas Olímpicas.

22.- Proposta da alcaldía relativa a dar conta da sinatura do convenio coa Cámara de Comercio de Santiago para o ano 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega á Cámara un total de 30.000 euros.

23.- Proposta da alcaldía relativa a dar conta do convenio de colaboración con MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO S.COOP. G. para dinamización da Praza de Abastos no ano 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega ao Mercado un total de 10.000 euros.

URXENCIAS

1.-Prórroga contrato de aluguer de local Nº 9 na rúa Salvador Allende para oficinas municipais. Prorrógase o contrato de aluguer do devandito local polo prazo dun ano (2020), polo importe de 719,41 €/mes.